



MEMORIA

A restauración pendente

David Otero publica un ensaio de divulgación da figura de Alexandre Bóveda co que quere demandar a proclamación polas institucións da inocencia deste galeguista

M. DOPICO . SANTIAGO

Divulgar a figura de Alexandre Bóveda e reclamar que as institucións competentes proclamen publicamente a súa inocencia fronte ás acusacións das que foi obxecto no consello de guerra que o levou á morte no 1936. O mestre, escritor e membro da xunta reitora da Fundación Alexandre Bóveda David Otero concibiu con estes obxectivos o ensaio *Alexandre Bóveda. Na demanda da restauración*, que acaba de publicar Laiovento.

O Parlamento de Galicia aprobou, en decembro do 2006, cos votos a favor do PSdeG e BNG e a abstención do PPdeG, unha proposición non de lei para rehabilitar a figura política, persoal e moral dos represaliados polo réxime franquista, cun recoñecemento especial para Alexandre Bóveda. A iniciativa tamén solicitaba da Administración o inicio dos trámites para que se procedese á anulación dos consellos de guerra nos que foron condenadas estas persoas. Dende aquela, continuaron os debates arredor da Lei da memoria histórica, pero non houbo avances en canto á anulación dos "xuízos" franquistas.



David Otero escribiu tamén sobre Castelao, Rafael Dieste, Xesús Ferro Couselo e Eladio R. González

David Otero devolve á actualidade, agora, coa publicación do seu libro, as demandas expresadas neste sentido polas asociacións que traballan na recuperación da memoria histórica, -entre elas, as integradas na Iniciativa Galega pola Memoria: como a Fundación Alexandre Bóveda, á que pertence o autor-.

Otero debulla nesta obra, en pouco máis de 200 páxinas, por orde cronolóxica e en pequenos capítulos, a vida e a actividade profesional e política de Alexandre Bóveda, que explica con amenidade, sentido do ritmo e unha linguaxe accesible, intercalando a exposición dos datos con numerosos extractos dos textos que utilizou como fontes. Aínda que non recolle nun apartado final toda a bibliografía consultada, queda claro ao longo do texto que revisou as principais biografías e estudos editados sobre o tema. Ademais, recorre a unha abondosa documentación, desde artigos xornalísticos da época, ata cartas, actas das asembleas do Partido Galeguista, ou mesmo boa parte dos documentos do proceso no que Bóveda foi condenado a morte e despois asasinado polos franquistas.

O libro baséase tamén en fontes orais de gran valor: sobre todo, as conversas cos fillos de Bóveda Amalia e Xosé Luis. "Teño a sorte, ademais, de ter falado moito arredor da memoria histórica con galeguistas históricos como Avelino Pousa Antelo, Xaime Illa Couto, Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo; ademais de, nas celebracións do Día da Galiza Mártir, con persoas como Manuel María, Xosé Manuel Beiras, Francisco Pillado... entón teño moita información. Estiven traballando no libro seis anos. Fun pouco a pouco, aproveitei material que atopei cando escribín outras biografías...", explicou.

Ademais, o libro inclúe poemas dedicados a Bóveda. Por exemplo, de Mini e Mero, da Quenlla, ou un de Víctor Campio, inédito. Sen pretender ser o tratado histórico máis completo que existe sobre Alexandre Bóveda, o seu autor preocupouse de contrastar a información sobre os feitos, e tampouco agocha á hora de redactar os seus propios posicionamentos.

"Agora que se fala de elaborar un novo Estatuto, eu non creo que se poida falar de anovación sen ter en conta o pensamento de Bóveda e de Castelao", indica.